

Hume

Texto 1

Todos os razoamentos referentes a **materias de feito**, parecen estar fundados na **relación de causa e efecto**. Por medio desa única relación podemos ir máis aló da evidencia da nosa memoria e dos nosos sentidos. Se se lle preguntara a un home por que cre calquera cuestión de feito que non ten presente –por exemplo que o seu amigo está no campo ou en Francia– daría unha razón; e esta sería algún outro feito, como unha carta recibida ou o coñecemento dos seus propósitos e promesas anteriores. Un home que encontrase un reloxo ou calquera outra máquina nunha illa deserta, concluiría que unha vez houbo homes nesa illa. Todos os nosos razoamentos concernentes a feitos son da mesma natureza. E neles **suponse constantemente que hai unha conexión entre o feito presente e ese que se infire del**. **Se non houberse nada que os ligase, a inferencia sería completamente precaria**. Oír unha voz articulada e un discurso racional na escuridade garántenos a presenza dalgunha persoa: ¿Por que? Porque estes son efectos de produción e fabricación humanas, estreitamente conectados con elas. Se analizamos todos os demais razoamentos desta natureza, atoparemos que están baseados na relación de causa e efecto, e que esta relación pode ser próxima ou remota, directa ou colateral. A calor e a luz son efectos colaterais do lume, e un efecto pode inferirse correctamente do outro. Polo tanto, se quixeramos satisfacernos no referente á natureza da evidencia que nos garante as cuestións de feito, deberíamos preguntarnos **como chegar ó coñecemento da causa e do efecto**.

Aventurareime a afirmar, como proposición xeral que non admite excepcións, que o coñecemento desta relación **non se acada en ningún caso por razoamentos a priori**, senón que procede da **experiencia**, na que achamos que uns obxectos particulares calquera están continuamente unidos entre si.

HUME: Investigación sobre o coñecemento humano.

Contexto:

- Ilustración (Idade Moderna), Parlamentarismo, tolerancia...
- Enciclopedia, Newton, iníciase a integración do método científico nas ciencias sociais e morais.
- Empirismo (Locke, Berkeley) / Racionalismo.

Tema:

- Contidos mentais.
- Leis asociación ideas.
- Tipos de coñecemento.
- Crítica á causalidade.
- Fenomenismo
- Consecuencias en el plano ético e político.

Relacións:

- Locke (empirismo, contidos mentais), Berkeley (fenomenismo)
- Racionalismo.
- Escepticismo (sofistas).
- Kant (alerta del dogmatismo, síntesis racionalismo y empirismo).